

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por iniciativa dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei**, para o seu debate en Pleno, **referida a reclamar a apertura dunha investigación independente sobre o asasinato de Berta Cáceres a cargo da Comisión Interamericana de Dereitos Humanos e á necesidade de que os investimentos europeos respecten de forma escrupulosa os dereitos humanos e colectivos das comunidades indíxenas.**

Hai algo máis de tres meses, o 3 de marzo de 2016, a comunidade internacional amosaba a súa indignación polo asasinato de Berta Cáceres, defensora dos dereitos humanos e activista na loita dos movementos indíxenas e campesiños contra a explotación e o espolio das multinacionais en Honduras. Baixo ese clamor o Parlamento de Galicia aprobaba no Pleno do 15 de marzo de 2016 unha Declaración Institucional en que se condeaba o seu vil asasinato e se reclamaba unha investigación.

Os motivos do seu asasinato non son casuais e responden ao inmenso traballo realizado pola activista para defender a xustiza social e ambiental ante os procesos de desbaldimento de recursos primarios do seu pobo. Así, Berta Cáceres lideraba a loita da comunidade lenca en contra da instalación do proxecto hidroeléctrico “Agua Zarca”, no río Gualcarque, levado a cabo por Empresa Desarrollo Energético S.A. (DESA) (con capital hondureño e chino, e que conta con financiación do consorcio xerman Voith Hydro) con grave afectación e prexuízo para a comunidade lenca, no Municipio de La Esperanza, no

departamento occidental de Intibucá. Berta Cáceres denunciou o incumprimento por parte do Estado de Honduras das súas obrigas como estado parte do Convenio 169 da OIT, que establece a obriga de celebrar unha consulta previa e informada ás comunidades locais afectadas como a lenca por proxectos coma o de DESA.

Berta Cáceres foi obxecto de ameazas, procesos de criminalización, persecución e estigmatización, que levaran á Comisión Interamericana de Dereitos Humanos a outorgarlle medidas cautelares para a súa protección. A pesar diso, o 3 de marzo era asasinada. O 5 de maio de 2016, cinco persoas, dentro da *Operación Jaguar*, entre elas un membro do exército hondureño, un tenente en retiro do exército, o xerente do departamento medioambiental de DESA e dous irmáns foron detidos como presuntos responsables do asasinato de Berta Cáceres. A pesar disto, seguen existindo zonas escuras –debido a que hai determinadas cúpulas do poder que estarían implicadas–, por iso, a familia de Berta Cáceres solicita unha investigación independente a cargo da Comisión Interamericana de Dereitos Humanos (CIDH). A familia denuncia que as autoridades hondureñas non a fixeron partícipe na investigación e reclamaba poder clarificar se as detencións eran froito de dilixencias exhaustivas, nin tampouco saben se estas comprenden a autoría intelectual en todos os seus niveis.

O certo é que o asasinato de Berta Cáceres súmase aos centos que soportaron os activistas ambientalistas, que viven nunha permanente situación de perigo: segundo o informe *¿Cuántos más?*, da ONG inglesa Global Witness, elaborado en 2014, foron máis de 111 activistas ambientalistas os asasinados entre 2002 e 2014, mentres que outras 100 persoas teñen que vivir con medidas de protección cautelar. No entanto, a pesar destas medidas, Berta Cáceres e outras 15 defensoras de DDHH foron asasinadas entre o 2010 e o 2016.

Por todo o exposto, este grupo parlamentario formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

1. O Parlamento de Galicia require á Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado a esixencia ao Goberno de Honduras de que permita que a *Comisión Interamericana de Dereitos Humanos* (CIDH) forme unha comisión de expertos internacionais independentes para acompañar a investigación do asasinato de Berta Cáceres.
2. O Parlamento de Galicia apoia a proposición non de lei aprobada por unanimidade polo Congreso dos Deputados o 13 de abril de 2016 (161/000242) en que insta ao Goberno do Estado a esixir ao Goberno de Honduras a “proporcionar as medidas de seguridade necesarias para o cumprimento das medidas cautelares” outorgadas pola Comisión Interamericana de Dereitos Humanos aos defensores e defensoras de dereitos humanos.
3. O Parlamento de Galicia respalda a resolución do Parlamento Europeo adoptada o 14 de abril de 2016 sobre Honduras e a Situacións dos e das Defensoras de Dereitos Humanos (2016/2648 (RSP)), que “considera que todos os investimentos europeos deben formar parte dun conxunto sólido de políticas de salvagardas ambientais e sociais e pide á Comisión e ao Servizo Europeo de Acción Exterior que non se facilite axuda europea a proxectos que non cumpran co requisito da consulta previa, libre e informada ás comunidades indíxenas, garantan unha consulta significativa de todas as comunidades afectadas e garantan o cumprimento dos dereitos humanos, laborais e a protección ambiental.

Neste sentido, o Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a poñer en marcha un proceso de información aos axentes económicos e sociais galegos sobre a base da aplicación dos principios reitores da ONU sobre Empresas e dereitos Humanos, que teña en conta o impacto sobre o goce dos dereitos humanos dos seus investimentos en terceiros países.

4. O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta a que desenvolva todas as accións pertinentes no ámbito das súas funcións para trasladar ao Goberno de Honduras a presente Proposición non de Lei e a demanda de verdade e xustiza no asasinato de Berta Cáceres e a efectiva protección das persoas activistas de Dereitos Humanos en Honduras.

En Compostela, a 13 de xuño de 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 13/06/2016 12:51:19**

**Ramón Vázquez Díaz na data 13/06/2016 12:51:29**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 13/06/2016 12:51:38**



**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 13/06/2016 12:51:42**

**Eva Solla Fernández na data 13/06/2016 12:52:06**

**Anton Sánchez García na data 13/06/2016 12:52:12**